

EVIDENTEMENTE, VERÁN CON FUEL

A pouco da gran manifestación de *Nunca Máis* en Madrid, o conselleiro Pérez Varela pedía -"con humildade franciscana", dixo- que a oposición certificase que as praias galegas estaban en bo, se cadra en perfecto estado. Tratábase de "salvar" a campaña turística da Semana Santa, quen sabe se de responsabilizar a outros dun posible descenso no número de visitantes con respecto a anos anteriores.

No que nos toca, desde NM sempre mantivemos que non había nin que enganar nin que enganarse. Non hai maior amor ó país có de quen lle sinala os defectos e problemas con afán de superalos, non hai mellor promoción de Galicia cá que procede da seriedade e con base nela opera.

Nesta Semana Santa os turistas ensuciaron os pés, aínda despois de que as escavadoras cambiasen o fuel de sitio. E para o verán que chega, a cousa negra seguirá connosco.

Estes días, chegou chapapote e foi recollido a toneladas na Mariña da provincia de Lugo, na Costa da Morte e nas Rías Baixas. Carnota volve pedir axuda: no seu comunicado indican que desde a Semana Santa traballan na costa daquel concello menos de cen voluntarios diarios, cando antes eran máis de cincocentos. Segue habendo moito que limpar e dan o teléfono da súa oficina do voluntariado: o 981-760721.

Apareceu tamén fuel novo nas Illas Cíes, xusto cando anuncian a apertura das Illas Atlánticas ó turismo. Queren que convivamos co piche, xa o dixeron, os galegos e agora tamén os turistas.

Fronte a tales mostras de abandono, *Nunca Máis* mantén a mensaxe que tantos galegos demostraron sempre que apoian: limpeza adecuada de mar e costa, rexe-neración ambiental, solucións ó *Prestige* afundido. Sempre aí, sempre botando para fóra a súa carga, en agresión que non cesa.

O DE BRUXELAS

Durante a fin de semana pasada, volvemos levar a nosa men-saxe a sede comunitaria. E sentíronnos.

O venres, responsables comunitarios recibiron a nosa delegación, integrada por Pablo Villar, xerente da confraría de Cangas, Manuel Maneiro, patrón maior da Póboa do Cara-miñal, Uxía Senlle, cantante, Xosé Sánchez, presidente da Federación de Asociacións Galegas de Veciños, Bieito Lobeira, responsable de pesca do BNG, Carlos Gesto, secretario de servicios e institucional de CC.OO-Galiza, e Ramiro Oubiña, secretario de organización da CIG.

Un dos actos fortes das xornadas era a manifestación do sábado, onde recibímo-lo apoio de colectivos culturais e medioambientais de diversas partes de Europa. Coma sempre, chovía, e alí estaban *Nunca Máis* de París, Bruxelas, Bretaña, Berlín, Catalunya, eco-loxistas de Ancona e Roma, galeg@s da Suiza e moitos máis.

Pola noite, o concerto: Jarbanzo Neghro, Ialma, Uxía Senlle, Jaune Toujours, e o espectáculo

O PAÍS DE NUNCA MÁIS, en Lira-Carnota, do 16 ó 22 de xuño.

¡¡VÉN!!

(www.bandua.com/burlanegra)



